

● ENDEREZOS E TELÉFONOS A ONDE DIRIXIRSE:

- **Servizos sociais do teu concello.**
- **Teléfono de información ás mulleres: 900-400.273**
- **Teléfono de atención psicolóxica: 629 777 595**
- **Oficinas de I + B**

AS PONTES

Antiga oficina de correos
Avda. de Castelao, nº36-1ª planta
15320 As Pontes. A Coruña

CARBALLO

Casa da Xuventude
Valle Inclán, nº24 1ª
15100 Carballo. A Coruña

MONFORTE

Edif. "Casitas" dos Escolapios.
Campo da Compañía s/n Baixo
27740 Monforte. Lugo

O CARBALLIÑO

Rúa Cerca, nº2 Baixo esq
32500 O Carballiño
Ourense

GONDOMAR

Rúa Emigrante nº 4 -6
36 380 Gondomar
Pontevedra

O PORRIÑO

Edif. Multiusos de Tomeiros.
Rúa Riveira s/n
36410 O Porriño. Pontevedra

- **Emerxencias Galicia: 112**
- **Garda Civil: Equipos de Muller e Menor:**

A CORUÑA

Rua Medica Devesa Nuñez 3
15008 A CORUÑA
TEL. 981 16.78.00 . Extensión: 270
FAX: 981 16.78.01

LUGO

Praza Bretoña 2
27002 LUGO
TEL. 982 22.13.11 Extensión: 5165
FAX: 982 28.48.56

OURENSE

Rua Bieito Amano nº 17
32005 OURENSE
TEL. 988 23.53.53. Extensión: 237
FAX: 988 24.53.95

PONTEVEDRA

Rua Domingo Fontán 6
36005 POIO
TEL. 986 80.79.00 Extensión: 283 e 284
FAX: 986 85.13.36

- **Policia nacional: 091**

AS = OS

QUE FACER SE SUFRICHES VIOLENCIA SEXUAL

XUNTA DE GALICIA



SECRETARÍA GENERAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES
DELEGACIÓN ESPECIAL DEL GOBIERNO CONTRA LA VIOLENCIA SOBRE LA MUJER



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade

● QUE SE ENTENDE POR DELITOS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL? ALGÚNS CONCEPTOS:

- **Agresión sexual:** imposición dunha conduta sexual sobre o corpo doutra persoa mediante o uso de violencia física ou psicolóxica (intimidación, ameazas...); por exemplo, tocamientos, bicos, masturbación, etc.
- **Violación:** agresión sexual consistente na penetración de pene en boca, ano ou vaxina ou introdución de obxectos ou membros corporais (p. ex. dedos) en vaxina ou ano.
- **Abuso sexual:** ataques sexuais en que non se utiliza violencia física ou psíquica (intimidación) pero onde a vítima non consente libremente porque é menor de trece anos, ten unha minusvalía psíquica ou outro trastorno mental, non está consciente, media engano ou abuso de superioridade ou calquera outra circunstancia. Son abusos sexuais frecuentes os de vítimas menores por persoa do seu ámbito máis próximo.
- **Acoso sexual:** solicitude de favores sexuais ou outra conduta de similar natureza, que se produce aproveitando a existencia dunha relación laboral, docente ou de prestación de servizos e que provoca unha situación intimidatoria, hostil ou humillante para a vítima; por exemplo, contactos non desexados, insinuacións sexuais, comentarios ou xestos obscenos, exhibición de material con contido sexual ou pornográfico, etc.
- **Outros delitos sexuais son:** exhibicionismo, corrupción e pornografía infantil, coaccionar unha persoa para prostituírse ou manterse na prostitución, lucrarse coa prostitución allea e o tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual.

● QUE FACER CANDO SE É VÍTIMA DE VIOLENCIA SEXUAL?

- **Chama aos teléfonos DE URXENCIA E INFORMACIÓN** que figuran na contraportada, onde se che prestará axuda inmediata e che indicarán os pasos a seguir.
- **Busca compañía e axuda dunha persoa de confianza** para que te acompañe nestes momentos de *shock* emocional.
- **Se o ataque é recente, non modifiques o teu aspecto persoal nin o do lugar dos feitos:**
 - Non cambies de roupa.
 - Ata que se realice o recoñecemento médico non te laves, ou, no caso de que sufrises unha agresión por vía bucal, tampouco comas nin bebas.
- **Cando teñas que contar o sucedido (na policía ou no centro médico), non omitas nada e dá o maior número de datos e detalles posibles. Solicita que, a poder ser, te atenda persoal feminino, en privado e sen demoras innecesarias.**

- **Solicita copia da denuncia e do exame médico.**
- **En caso de risco de embarazo ou de transmisión de enfermidades, no centro médico proporcionaranche tratamento preventivo e anticonceptivo.**
- **Infórmate dos servizos e axudas especializadas dispoñibles e pregunta calquera dúbida ou preocupación que sintas.**

● EN CANTO Á DENUNCIA E AO PROCESO PENAL, DEBES SABER QUE:

- A denuncia da vítima é indispensable para que se procese e sancione o agresor.
- No caso de menores e incapaces, a denuncia pódena interpor, tamén, o seu representante legal (nai, pai, titor/a e organismo de protección) e o Ministerio Fiscal. Ademais, para os menores, o prazo para a denuncia (tres anos como mínimo) empeza a computarse cando adquiren a maioría de idade.
- Denunciando protéxeste ti mesma/o e protexes outras persoas de futuros ataques. Se fuches vítima de abusos dentro do teu círculo familiar, evitarás que os sufran outros membros da túa familia.
- Canto máis inmediata sexa a denuncia do ataque sexual, máis doado será atopar probas contra o agresor.
- Verifica que na denuncia se recolleron de forma correcta todas as túas manifestacións e que no informe médico figuran todos os sinais que che deixou a agresión.
- Tes dereito a:
 - Que sexas protexido xudicialmente do agresor:
 - Ao longo do proceso, impedindo que te volva agredir ou molestar, mediante a prisión provisional ou medidas de afastamento.
 - No xuízo, evitando que te poida ver mentres declaras.
 - Ser parte no procedemento penal como acusación particular, a través de avogada e procuradora que defendan os teus intereses.
 - Estar informada en calquera caso de como vai o proceso e da sentenza ou resolución que poña fin ao proceso.
 - A ser indemnizada polo dano sufrido. Se o culpable é insolvente, o Estado correrá en todo caso cos gastos do tratamento terapéutico que requiras para superar as secuelas que sufras.

- Se sufriches un acoso sexual no traballo e a túa empresa non tomou medidas contra o agresor, podes demandala nun proceso laboral e denunciala ante Inspección de Traballo.

● TEN EN CONTA EN TODO MOMENTO QUE:

- Son delitos graves que atentan contra **a túa LIBERDADE** como persoa capaz de decidir, **a túa DIGNIDADE** como ser humano con dereito a ser respectada/o e **a túa INTEGRIDADE** física e equilibrio psicolóxico.
- **A vítima NUNCA é culpable** de nada e non ten nada de que se avergoñar.
- Prodúcese por moitos motivos e **NON SE XUSTIFICAN** pola túa forma de vestir ou a túa aparencia física, os teus horarios, idade, estilo de vida, relación previa co agresor ou a túa actitude.
- **Pódenlle suceder** a calquera persoa, a calquera hora do día e en calquera lugar.
- A túa liberdade dáche dereito a dicir **NON** e a que ese **NON** se respecte. A agresión comeza a partir dese **NON**.
- **Se coñeces algunha persoa que fose vítima:**
 - Non a culpes.
 - Non a interrogues nin obrígues a que che conte detalles.
 - Adopta unha actitude comprensiva.
 - Non fagas xuízos de valor.
 - Recomendalle que solicite axuda especializada onde a informarán dos pasos a seguir.

● RECORDA:

- **Nas agresións sexuais só hai un culpable: o agresor.**
- **Son experiencias superables.**

Se fuches vítima (non importa o tempo que pasase), ponte en contacto con profesionais: pódente axudar.